



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O BISPADO DE LUGO PARA A APERTURA DE IGREXAS NO CAMIÑO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Bispado de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entra a Axencia Turismo de Galicia e o Bispado de Lugo para permitir a apertura das igrexas máis singulares e de interese para os peregrinos pertencentes a dita Diocese.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- Unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmoables, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o





Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela. Agora que a afluencia de peregrinos é superior no verán e moito máis no Camiño Francés, Primeiro Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio da Humanidade, é necesario a apertura daquelas igrexas máis importantes e as explicacións pertinentes do rico patrimonio que representan, así como aquelas outras representativas do Camiño Primitivo e Via da Prata pertencentes ao Bispado de Lugo.

Terceiro.- O Bispado de Lugo é o titular das igrexas cuxa apertura aos peregrinos é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e por tanto o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrencia pública.

Quinto.- A través deste convenio, outórgase ao Bispado de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

